



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias maio 2022

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de maio do ano 2022 acadou a cifra de 1.040.748 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de abril de 2022 de 6.751 afiliacións (0,65%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.232.723, rexistrando un aumento do 1,07% con respecto ao pasado mes de abril.

Na comparativa interanual (maio de 2022 con maio de 2021) obsérvase un aumento de 30.220 afiliacións no total do sistema en Galicia (2,99%) e un aumento do 5,01% (965.502 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de abril de 2022, rexístrase unha subida das afiliacións nas dezasete comunidades autónomas, destacando Illes Balears (9,37%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears, Canarias, Comunitat Valenciana e Andalucía con taxas superiores ao 5,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2022	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	20.232.723	213.643	1,07	965.502	5,01
Galicia	1.040.748	6.751	0,65	30.220	2,99
Andalucía	3.320.667	32.921	1,00	159.582	5,05
Aragón	591.330	6.152	1,05	14.302	2,48
Asturias	373.249	2.119	0,57	10.587	2,92
Illes Balears	566.847	48.565	9,37	110.773	24,29
Canarias	841.076	2.028	0,24	64.284	8,28
Cantabria	225.077	1.102	0,49	7.636	3,51
Castilla La Mancha	752.905	8.074	1,08	32.925	4,57
Castilla y León	937.572	6.843	0,74	26.583	2,92
Cataluña	3.599.605	37.501	1,05	164.177	4,78
Comunitat Valenciana	2.038.839	12.006	0,59	115.741	6,02
Extremadura	407.909	6.072	1,51	10.478	2,64
Madrid	3.427.481	21.987	0,65	163.153	5,00
Murcia	639.886	11.544	1,84	18.059	2,90
Navarra	300.803	3.217	1,08	8.884	3,04
País Vasco	986.436	3.946	0,40	23.222	2,41
La Rioja	135.339	2.497	1,88	4.281	3,27
Ceuta e Melilla	46.954	318	0,68	615	1,33

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 3,60%, o que supón 15.635 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (2,75%), Lugo (2,33%) e, por último, Ourense (2,00%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de maio con respecto ás do mes de abril, existírouse en Galicia un incremento do 0,65%. Pontevedra presenta o maior incremento cunha taxa de variación intermensual do 0,87%, seguida de Ourense (0,66%), Lugo (0,52%) e A Coruña (0,51%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2022	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	449.588	2.293	0,51	15.635	3,60
LUGO	123.420	642	0,52	2.815	2,33
OURENSE	103.648	682	0,66	2.032	2,00
PONTEVEDRA	364.093	3.134	0,87	9.739	2,75
GALICIA	1.040.748	6.751	0,65	30.220	2,99
ESPAÑA	20.232.723	213.643	1,07	965.502	5,01


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,12% das afiliacións galegas en maio de 2022, aumentaron un 0,84% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 3,95%. En España estas taxas foron do 1,21% con respecto a abril de 2022 e do 5,84% en relación ao mes de maio de 2021. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,47%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Pontevedra (0,17%) amosa a taxa de variación interanual máis positiva, e Lugo (-1,50%) a máis negativa. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,26%. Para este réxime e con respecto ao mes de abril de 2022, soben Pontevedra (0,23%) e A Coruña (0,09%) mentres que baixan Ourense (-0,08%) e Lugo (-0,02%) , resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do 0,10%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,07% e intermensual do 0,32%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a maio de 2021, caen Lugo (-3,25%), A Coruña (-1,06%) e Pontevedra (-0,28%). A taxa galega acaba entón o -0,72%, inferior á de España (3,07%). Con respecto a abril de 2022, Pontevedra presentan un aumento do 0,24%, mentres que A Coruña e Lugo presentan unha baixada do -3,91% e -0,50% respectivamente. A taxa galega amosa unha diminución do 1,00% con respecto a abril de 2022. A taxa nacional é do 2,48%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2022	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	449.588	0,51	3,60
LUGO	123.420	0,52	2,33
OURENSE	103.648	0,66	2,00
PONTEVEDRA	364.093	0,87	2,75
GALICIA	1.040.748	0,65	2,99
ESPAÑA	20.232.723	1,07	5,01
R. XERAL			
A CORUÑA	359.302	0,68	4,57
LUGO	89.445	0,74	3,90
OURENSE	80.522	0,88	2,78
PONTEVEDRA	283.755	1,05	3,53
GALICIA	813.024	0,84	3,95
ESPAÑA	16.824.482	1,21	5,84
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.850	0,09	0,00
LUGO	32.532	-0,02	-1,50
OURENSE	23.126	-0,08	-0,64
PONTEVEDRA	67.645	0,23	0,17
GALICIA	208.153	0,10	-0,26
ESPAÑA	3.343.362	0,32	1,07
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.436	-3,91	-1,06
LUGO	1.443	-0,50	-3,25
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.692	0,24	-0,28
GALICIA	19.571	-1,00	-0,72
ESPAÑA	63.875	2,48	3,07

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>